



BASES ESPECÍFICAS CONTRATACIÓN DE 8 PIÓNS DE XARDINEIRÍA

8 PIÓNS DE XARDINEIRÍA	
MODALIDADE: MODALIDADE: CONTRATO EVENTUAL POR CIRCUNSTANCIAS DO MERCADO E ACUMULACIÓN DE TAREFAS (RDL 32/2021, DISPOSICIÓN TRANSITORIA 4ª) PERIODO CONTRATACIÓN: 6 MESES	
09.03.2022	Último día para presentación instancias
11.03.2022	Listaxe provisional admitidos e excluidos
14.03.2022	Reclamación admitidos e excluidos
16.03.2022	Listaxe definitiva admitidos e excluidos
18.03.2022 – 9.00 horas	PROBA PRÁCTICA Os candidatos admitidos deberán presentarse no parque de A Preguiza sito o lado do parque Alameda do Concello de Verín. Non se realizará chamamento telefónico previo á convocatoria.
21.03.2022	Listaxe provisional de valoración
22.03.2022	Reclamación listaxe provisional de valoración
24.03.2022	Listaxe definitiva de valoración
28.03.2022	Data probábel da contratación: 28.03.2022
Retribucións mensuais brutas: 1.090,56€ (Pagas extras abóanse aparte)	

1.- Documentación mínima que teñen que aportar para participar no proceso de selección:

- Anexo I
- Declaración responsable (Anexo II)
- Fotocopia do DNI.

2.- Proba Práctica

As/Os aspirantes deberán realizar unha proba práctica consistente no manexo das ferramentas e maquinaria agrícola propiedade municipal (desbrozadora, motoserpa, cortasetos, etc...). Dita proba terá como resultado APTO ou NON APTO.

As/Os candidatas/os NON APTOS non seguirán o proceso de contratación; as/os candidatas/os APTOS serán obxecto de valoración.

3.- Documentación que poden aportar para acadar méritos:

8.3.A) EXPERIENCIA PROFESIONAL MÁXIMO 75 PUNTOS PUNTUACIÓN MÁXIMA A ALCANZAR (60% DE 75) = 45 PUNTOS

A.1).- Servizos prestados, na administración local ou entidade do sector público (en réxime funcional/ laboral/ estatutario) desempeñando praza ou funcións equivalentes: **0,20 puntos por mes completo de servizos**



A.2).- Servizos desempeñados en empresa/entidade privada, en posto ou funcións equivalentes á da bolsa á que opta: **0,15 puntos por mes completo de servizos**

Para a acreditación dos devanditos méritos deberase achegar copia da seguinte documentación xustificativa:

- Certificación expedida pola Administración Pública na que prestou servizos, onde conste o grupo e o posto de traballo que desempeñou, e o cómputo total de días, meses e anos traballados, xunto coa vida laboral. Poderase acreditar dita experiencia no sector público aportando os respectivos contratos xunto coa vida laboral.

- Contrato de traballo acompañados do informe de vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social no caso de postos desempeñados no sector privado
Os servizos prestados alegados, calcularáanse según os datos finais obrantes na vida laboral.

En ambos casos non se terán en conta os períodos restantes inferiores ao mes.

**8.3.B) FORMACIÓN ESPECÍFICA / COMPLEMENTARIA: MÁXIMO 24 PTOS
PUNTUACIÓN MÁXIMA A ALCANZAR (40% DE 24) = 9,60 PUNTOS**

DURACIÓN	Puntos
Cursos de duración entre 20 - 49 horas	0,10
Cursos de duración entre 50 - 99 horas	0,20
Cursos de duración entre 100 - 299 horas	0,40
Cursos de duración entre 300 - 599 horas	0,80
Cursos de duración igual o superior a 600 horas	1,50

Serán obxecto de valoración as accións de formación directamente relacionadas coas funcións e/ou competencias profesionais **a desempeñar**, impartidas, organizadas, recoñecidas ou homologadas por Administracións Públicas, entidades y/o organismos dependentes das mesmas, universidades, Inem así como sindicatos.

Para a acreditación desta formación deberase achegar copia do título correspondente ou certificado acreditativo expedido pola entidade/organismo organizador ou responsable da actividade formativa. Nos devanditos documentos acreditativos deberá constar a data de realización dos mesmos, a súa duración, así como o seu obxecto.

Non serán valoradas as accións formativas de menos de 20 horas, nin a asistencia a xornadas, seminarios, simposios ou similares

8.3.C) NIVEL DE COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO (MÁXIMO 1 PUNTO)

NIVEL	Puntos
CELGA I ou equivalente	0,20
CELGA II ou equivalente	0,40
CELGA III ou equivalente	0,60
CELGA IV ou equivalente	0,80
CELGA V ou equivalente	1



Para garantir o uso do galego nas relacións coa Administración será valorada a posesión do Certificado de Lingua Galega (CELGA) ou titulación equivalente, sendo ésta homologada pola Xunta de Galicia (valorarase soamente o nivel de grao superior)